



# CONCELLO DE CABANAS (A CORUÑA)

## PROPOSTA DE REGULAMENTO DE PARTICIPACIÓN VECIÑAL DO CONCELLO DE CABANAS

### PRESENTACIÓN

O Concello de Cabanas considera que a participación da veciñanza na vida municipal ten que ser continua, e non pode quedar reducida unicamente aos procesos electorais que se celebran cada catro anos. Por iso debe ser unha das prioridades da Administración Local, co fin de manter o funcionamento democrático e transparente das institucións ao tempo que se facilitan as máximas cotas de integración da veciñanza a es súas asociacións nas decisións municipais.

Con este Regulamento de Participación Veciñal, o Concello de Cabanas pretende establecer as diferentes vías de participación da veciñanza na vida municipal, tanto de maneira individual como colectiva, dentro das posibilidades que ofrece a lexislación vixente. Nace coa vontade de ser un Regulamento aberto a melloras futuras, de acordo coas necesidades que poidan xurdir da súa aplicación práctica.

O Regulamento establece o procedemento polo cal a veciñanza ou as entidades de Cabanas poden participar, informándose ou opinando, sobre diferentes aspectos da vida municipal do noso concello. Así mesmo, contempla a creación da Asemblea Veciñal e o Consello de Participación Veciñal, como órganos de participación local.

É compromiso do Concello de Cabanas que este Regulamento de Participación Veciñal sexa o primeiro paso para avanzar na participación veciñal e garantir a promoción da iniciativa social e do asociacionismo, eliminando os condicionantes que dificultaron a participación efectiva da poboación no pasado.

### DISPOSICIÓN XERAIS

**Artigo 1.** O presente Regulamento de Participación Veciñal ten pro obxecto establecer as formas, os medios e os procedementos de información e participación da veciñanza e entidades ás que se refire o artigo 72 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, na xestión municipal.

**Artigo 2.** A aplicación do presente Regulamento de Participación Veciñal pretende acadar os seguintes obxectivos:

- Facer efectivos os dereitos veciñais recollidos na Lei Reguladora das Bases de Réxime Local.
- Promover a iniciativa e participación da veciñanza de Cabanas e as súas entidades na xestión municipal.
- Fomentar o asociacionismo no concello e a relación entre as diferentes parroquias que o compoñen.



## CONCELLO DE CABANAS (A CORUÑA)

### CAPÍTULO I. DO REXISTRO MUNICIPAL DE ENTIDADES (RME)

**Artigo 3.** Poderán inscribirse no Rexistro Municipal de Entidades (RME) todas aquelas entidades legalmente constituídas, de funcionamento democrático e sen ánimo de lucro, cuxo marco territorial sexa o Concello de Cabanas e que teñan como obxecto fundamental a defensa, o fomento e a mellora dos intereses xerais ou sectoriais da veciñanza de Cabanas.

**Artigo 4.** A inscrición no RME será requirimento imprescindible para o pleno exercicio dos dereitos recoñecidos ás entidades no presente Regulamento de Participación Veciñal.

**Artigo 5.** O rexistro estará ao cargo da Secretaría do Concello, e os seus datos serán públicos. As solicitudes de inscrición presentaranse polas entidades interesadas no Rexistro do Concello, presentando a seguinte documentación.

- Acta fundacional.
- Estatutos.
- Número de inscrición no Rexistro Xeral de Asociacións e noutros rexistros públicos.
- CIF.
- Domicilio social.
- Datos de identificación das persoas que ocupan cargos directivos.
- Presuposto e memoria de actividades do ano en curso.
- Certificado do número de persoas asociadas.

**Artigo 6.** No prazo de 15 días desde a solicitude da inscrición, salvo que este se interrompa pola necesidade de aportar documentación non achegada inicialmente, o Concello notificará á entidade o seu número de inscrición e, desde ese momento, considerarase dada de alta a todos os efectos.

**Artigo 7.** As entidades inscritas no Rexistro Municipal de Entidades están obrigadas a manter os seus datos actualizados, notificando no prazo dun mes aquelas modificacións que se produzan. O orzamento, o balance económico do ano anterior e o programa anual de actividades comunicaranse durante o mes de xaneiro de cada ano.

**Artigo 8.** O incumprimento das obrigas contempladas nos artigos anteriores poderá dar lugar á baixa da entidade no RME, coa correspondente perda de dereitos.

**Artigo 9.** As entidades inscritas no Rexistro Municipal de Entidades poden solicitar a súa baixa deste, presentando a correspondente solicitude no Rexistro municipal.

### CAPÍTULO II. DEREITOS DAS ENTIDADES REXISTRADAS

**Artigo 10.** Sen prexuízo do dereito xeral de acceso á información municipal recoñecido a toda a veciñanza, as entidades inscritas no Rexistro Municipal de Entidades gozarán, previa solicitude, dos seguintes dereitos:



## CONCELLO DE CABANAS (A CORUÑA)

- Recibir por correo electrónico as convocatorias, ordes do día e actas dos plenos da corporación municipal.
- Empregar as instalacións de propiedade municipal para a realización das actividades propias das entidades, coas limitacións que impongan a coincidencia do uso por parte de varias delas ou do propio concello.
- As entidades inscritas no RME poderán solicitar do Concello a compensación das cantidades que lles sexan liquidadas en concepto de pago de tributos municipais.

**Artigo 11.** Os orzamentos municipais incluírán unha partida dedicada especialmente ao financiamento do movemento asociativo e das actividades inscritas no RME. Nas bases de execución dos propostos, así como nas bases de concesión de subvencións, especificaranse os criterios de distribución de axudas ás entidades.

### CAPÍTULO III. DA INFORMACIÓN MUNICIPAL

**Artigo 12.** Existirá un Libro de Queixas e Reclamacións a disposición de toda a veciñanza no Rexistro Xeral do Concello.

**Artigo 13.** A Concellaría de Participación Veciñal será a encargada de:

- Facilitar información relativa ao funcionamento do Concello, actuacións municipais e dereitos da veciñanza.
- Coordinar toda a actividade relacionada coa información á veciñanza e, en especial, o seguimento das iniciativas, queixas e reclamacións presentadas pola veciñanza ou as entidades, que serán contestadas no prazo máximo dun mes.

**Artigo 14.** Informarase a toda a veciñanza das actividades, convocatorias de axudas, becas e ofertas de emprego a través de soportes dixitais e impresos.

### CAPÍTULO IV. DA INICIATIVA POPULAR

**Artigo 15.** Toda persoa ou entidade ten dereito a presentar iniciativas e propostas de actuación municipal, convenientemente xustificadas, que serán atendidas polo goberno municipal.

**Artigo 16.** Cando as solicitudes vaian avaladas por máis do 5% das persoas inscritas no censo electoral, mediante sinaturas identificadas e DNI, e así o requiran os seus promotores, serán obrigatoriamente discutidas polo pleno municipal.

### CAPÍTULO V. DA CONSULTA CIDADÁ

**Artigo 17.** O Concello de Cabanas, de acordo co Artigo 71 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, poderá someter a consulta popular os asuntos da competencia propia que sexan especialmente relevantes para os intereses da veciñanza, agás aqueles relativos á Facenda Local.



## CONCELLO DE CABANAS (A CORUÑA)

### CAPÍTULO VI. DA PARTICIPACIÓN NOS ÓRGANOS MUNICIPAIS

**Artigo 18.** As sesións plenarias da corporación municipal son públicas, non así as sesións das comisións informativas. De forma eventual poderán participar nas comisións informativas, con voz pero sen voto, as persoas cuxa presenza se estime necesaria para o tratamento de determinados temas, podendo ser requiridas a instancia do propio Concello ou asistir por solicitude propia, sempre e cando sexa admitida a súa participación pola persoa que ostente a Alcaldía ou a que presida a comisión.

**Artigo 19.** As entidades inscritas no Rexistro Municipal de Entidades poderán manifestar a súa opinión a través dun representante nos plenos municipais, sempre e cando o soliciten por escrito con 24 horas de antelación.

**Artigo 20.** A veciñanza poderá expresar o seu punto de vista sobre asuntos da vida municipal nunha quenda que se abrirá ao final de cada pleno moderada pola persoa que ostente a Alcaldía ou, no seu defecto, pola persoa con delegación en participación veciñal. Para garantir o correcto cumprimento deste punto, a persoa interesada haberá de entregar por Rexistro a súa solicitude de participación, así como as preguntas das que espera resposta, con polo menos 24 horas de antelación. De acordo coa lexislación vixente, as propostas que se formulen dentro deste mecanismo en ningún caso poderán ser obxecto de votación por parte do pleno.

**Artigo 21.** De se incluír na orde do día do pleno algunha iniciativa promovida por algunha entidade ou grupo de persoas, ofreceráselles a posibilidade de nomear unha persoa representante para realizar a súa exposición no pleno, sendo despois debatida polos representantes dos grupos políticos.

### CAPÍTULO VII. DAS ASEMBLEAS VECIÑAIS

**Artigo 22.** A Asemblea Veciñal é o órgano de participación directa de carácter informativo e consultivo respecto da actuación municipal, e nela poderanse tratar temas de interese local.

**Artigo 23.** A Asemblea Veciñal poderá ser municipal ou parroquial. Será convocada pola persoa que ostente a Alcaldía ou, no seu defecto, pola persoa con delegación en participación veciñal por iniciativa propia; por acordo da maioría do pleno ou por solicitude asinada, con nome e DNI, por un mínimo do 20% das persoas inscritas no censo electoral do concello ou da parroquia correspondente.

**Artigo 24.** Cando a Asemblea Veciñal sexa constituída por solicitude asinada con nome e DNI por un mínimo do 20% das persoas inscritas no censo electoral do concello ou da parroquia correspondente, considerarse validamente constituída cando no local consignado para a convocatoria, coa presenza de a lo menos dous membros do goberno, e baixo a presidencia dun deles, estean presentes un número de persoas equivalente ao 20% do censo electoral do Concello ou da parroquia correspondente. Cando a Asemblea sexa convocada pola persoa que ostente a Alcaldía ou, no seu defecto, pola persoa con delegación en participación veciñal, considerase constituída sexa cal sexa o número de persoas presentes.



## CONCELLO DE CABANAS (A CORUÑA)

**Artigo 25.** A Asemblea Veciñal adoptará os seus acordos por maioría simple, acordos que serán comunicados pola persoa que ostente a Alcaldía ou, no seu defecto, pola persoa con delegación en participación veciñal na primeira sesión ordinaria do pleno que se leve a cabo.

### CAPÍTULO VIII. DO CONSELLO DE PARTICIPACIÓN VECIÑAL

**Artigo 26.** O Consello de Participación Veciñal (CPV) é un órgano de participación, información, seguimento, control e proposta da xestión municipal, referida aos distintos sectores de actuación nos que o Concello de Cabanas ten competencia. Crearase por acordo plenario, e a súa organización, composición e ámbito de actuación serán establecidos no correspondente acordo plenario.

**Artigo 27.** O Consello de Participación Veciñal estará integrado polos seguintes membros

- O membro da corporación con delegación en participación veciñal, que exercerá a presidencia.
- O membro da corporación con delegación en asociacionismo
- Un membro de cada grupo político con representación no Concello.
- Un funcionario do concello, con voz e sen voto, nomeado pola persoa con delegación en participación veciñal, que exercerá a secretaría do CPV.
- Un representante de cada entidade inscrita no RME.
- Eventualmente poderán participar con voz, pero sen voto, aquelas entidades ou persoas cuxa presenza se estime necesaria para o tratamento de determinados temas, podendo ser requiridos a instancia do propio Concello ou asistir por solicitude propia sempre e cando se admita pola maioría do CPV.

**Artigo 28.** Serán funcións do Consello de Participación Veciñal:

- Presentar iniciativas, propostas ou suxestión ao Concello para ser discutidas nos órganos colexiados municipais.
- Estudar, antes da súa aprobación polo pleno, o orzamento municipal e outros asuntos de especial importancia.
- Ser consultado e emitir informe non vinculante, antes da súa aprobación polo pleno, sobre as bases para a concesión de subvencións ás entidades sen ánimo de lucro.

**Artigo 29.** O Consello de Participación Veciñal celebrarase, como mínimo, unha vez ao ano. Será convocado de maneira ordinaria pola presidencia, a iniciativa propia, ou por solicitude de dous terzos dos seus membros.

**Artigo 30.** Considerase constituído o CPV en primeira convocatoria coa presenza da metade dos seus membros, e en segunda convocatoria calquera que sexa o número de asistentes. Os acordos do CPV adoptaranse por maioría simple.

**Artigo 31.** Cando algún membro do CPV non acuda por 3 veces consecutivas, sen causa xustificada, será substituído da súa responsabilidade.



## CONCELLO DE CABANAS (A CORUÑA)

### DISPOSICIÓN TRANSITORIAS

**Primeira.** Aprobado este Regulamento de Participación Veciñal do Concello de Cabanas, o Consello de Participación Veciñal constituirase no prazo máximo de tres meses.

**Segunda.** As entidades que xa figuran no Rexistro Municipal de Entidades estarán exentas de realizar os trámites establecidos no Artigo 5 do presente regulamento.

**Terceira.** Calquera outro órgano de participación veciñal que se puidera crear no futuro, como posíbeis consellos sectoriais ou de representación parroquial, deberá seguir os requirimentos xerais establecidos no presente Regulamento, e ser incorporados en futuros procesos de revisión.

**Cuarta.** Transcorrido un ano da aplicación do presente regulamento elaborárase un balance de funcionamento, propoñéndose se procede a modificación do mesmo de forma que se poida axustar mellor ás necesidades de Cabanas.

### DISPOSICIÓN FINAL.

O presente Regulamento entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación definitiva no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.



# CONCELLO DE CABANAS (A CORUÑA)

## PROPOSTA DE REGULAMENTO DE VENDA AMBULANTE E FEIRAS DO CONCELLO DE CABANAS

### DISPOSICIÓNS XERAIS

**Artigo 1.** O presente regulamento ten por obxecto regular aspectos específicos sobre o exercicio da venda ambulante e a realización de feiras e mercados no termo municipal de Cabanas.

En todo caso, o exercicio da venda ambulante haberase de someter ao establecido na Lei 13/2010, de 17 de decembro, de Comercio Interior de Galicia, Real Decreto 199/2010, de 26 de febreiro, polo que se realiza o exercicio da venda ambulante ou non sedentaria..

Para os supostos previstos no presente Regulamento de venda ambulante e feiras será de aplicación, con carácter xeral, o cumprimento da normativa vixente en canto ao Imposto de Actividades Económicas, Seguridade Social e normativa hixiénico-sanitaria e alimentaria.

### CAPÍTULO I. DA VENDA AMBULANTE

**Artigo 2.** Enténdese por venda ambulante a venda realizada fóra dun establecemento comercial permanente, de xeito habitual, ocasional, periódico ou continuado, nos perímetros ou lugares debidamente autorizados en instalacións desmontábeis ou transportábeis, incluíndo os vehículos-tenda.

### CAPÍTULO II. MODALIDADES DE VENDA AMBULANTE

**Artigo 3.** No presente regulamento distínguense as seguinte modalidades de venda ambulante permitidas no Concello de Cabanas:

- a) A venda ambulante en feiras e mercados organizados polo Concello de Cabanas.
- b) A venda ambulante en mercados ocasionais, incluíndo aqueles xurdidos da iniciativa privada ou con motivo de festas ou acontecementos populares.
- c) A venda ambulante mediante camións ou vehículos-tenda.
- d) A venda en postos instalados na vía pública, fóra de acontecementos.
- e) A venda directa de produtos agrícolas por parte dos seus produtores.

### CAPÍTULO III. DAS FEIRAS E MERCADOS ORGANIZADOS POLO CONCELLO DE CABANAS

**Artigo 4.** O Concello de Cabanas organiza os seguintes feiras e mercados, nos que está permitida a venda ambulante:

- a) Feira do 21.
- b) Mercados temáticos de verán “Mercados de Santa Marta”.



## CONCELLO DE CABANAS (A CORUÑA)

### Artigo 5. Normas específicas de participación na Feira do 21.

- A Feira do 21 ten lugar o día 21 de cada mes no Paseo Marítimo.
- A Feira do 21 admite postos de todo tipo, incluíndo, entre outros: alimentación, artesanía, roupa e complementos, artigos de segunda man, etc.
- De acordo co establecido no artigo 6.1.d) da Ordenanza reguladora da taxa por instalación de postos, barracas e outros en terreos de uso público do Concello de Cabanas, a participación na Feira do 21 implicará o pago, por cada metro cadrado ou fracción, da cantidade de 0,03 euros día, cun mínimo de 3,00 euros día.
- Para a participación na feira do 21 non é precisa unha inscrición previa, polo que tampouco haberá espazos asignados a cada posto. Porén, os vendedores deberán estar ao indicado polas autoridades e o persoal do concello, e en todo caso, o concello resérvase o dereito de restrinxir a instalación de postos en determinadas áreas para a instalación de postos específicos, así como de concentrar o lugar de instalación dos postos de acordo coas súas temáticas.
- En todo caso, os postos instalados deberán situarse sempre sobre a superficie pavimentada da beirarrúa do Paseo Marítimo, deixando libres os accesos ao piñeiral, os bancos, colectores do lixo e as papeleiras
- Os postos e cubertas deberanse soste por si mesmos, non podendo empregar mobiliario urbano (farois, bancos, papeleiras etc.), cravar piquetas, ou taladrar o chan para o seu soporte.
- A Feira do 21 rexerá de acordo aos seguintes horarios:
  - Horario de instalación: de 08:30 a 10:30 horas.
  - Horario de funcionamento: de 09:30 a 17:00 horas.
  - Horario de recollida: de 15:00 a 18:00 horas.
- Cada un dos postos será responsábel de deixar limpos de refugallos os espazos ocupados ao final do horario de recollida, para o que depositarán o lixo nos depósitos colocados a tal efecto polo concello. As caixas deberán ser aplanadas para aproveitar axeitadamente a capacidade dos mesmos.
- Non se permite en ningún caso a invasión da beirarrúa por parte de vehículos, agás os expresamente autorizados.

### Artigo 6. Normas específicas de participación nos mercados temáticos de verán “Mercados de Santa Marta”.

Os Mercados de Santa Marta serán organizados por parte do concello en diferentes fins de semana arredor da romaría de Santa Marta, no Paseo Marítimo.

- O Concello organizará tres mercados:

a) Mercado de artesanía e produtos de alimentación, coincidindo coa romaría de Santa Marta.





## CONCELLO DE CABANAS (A CORUÑA)

b) Feira extraordinaria de Santa Marta

c) Mercado de oportunidades e produtos de segunda man.

-De acordo co establecido no artigo 6.1.d) da Ordenanza reguladora da taxa por instalación de postos, barracas e outros en terreos de uso público do Concello de Cabanas, a participación na Feira do 21 implicará o pago, por cada metro cadrado ou fracción, da cantidade de 0,03 euros día, cun mínimo de 3,00 euros día.

- A participación nestes mercados necesitará de inscrición previa, habendo un período único de inscrición para cada un dos tres que será de 15 días naturais entre o segundo e o cuarto xoves do mes de xullo, ou seguinte día hábil de cadrar estes nun festivo. A inscrición poderá facerse persoalmente no Rexistro do Concello de Cabanas ou por vía telemática a través da sede electrónica do Concello. Con carácter xeral, xunto coa solicitude deberase presentar copia do DNI de quen cubre a solicitude, xustificante bancario de pago, fotografía do posto e acreditacións de estar ao día no pagamento do I.A.E. e cotas da Seguridade Social.

- No mercado de artesanía non poderán participar vendedores de produtos de vestido e complementos que non produzan eles mesmos o seu produto. Así mesmo, é mutuamente exclusiva a participación co mesmo produto no mercado de artesanía e no mercado de oportunidades e produtos de segunda man.

- O concello, reservándose o dereito de organizar os mercados do mellor xeito posíbel, delimitará o espazo asignado a cada posto, que será inalterábel ao longo dos días de duración de cada unha destas feiras e non-intercambiábel. As persoas que por causas médicas de mobilidade ou loxísticas necesiten dun lugar específico para os seus postos haberán de facelo constar expresamente na súa solicitude e anexar un xustificante médico.

- En todo caso, os postos instalados deberán situarse sempre sobre a superficie pavimentada da beirarrúa do Paseo Marítimo, deixando libres os accesos ao piñeiral, os bancos, os colectores de lixo e as papeleiras, así como as franxas de paso delimitadas por parte do concello.

- Os postos e cubertas deberanse soste por si mesmos, non podendo empregar mobiliario urbano (farois, bancos, etc.), cravar piquetas, ou taladrar o chan para o seu soporte.

- Os mercados rexeranse de acordo aos seguintes horarios:

Horario de instalación: de 08:00 a 11:00 horas.

Horario de funcionamento: de 11:00 a 21:00 horas.

Horario de recollida: de 20:00 a 21:30 horas.

- Cada un dos postos será responsábel de deixar limpos de refugallos os espazos ocupados ao final do horario de recollida, para o que depositarán o lixo nos depósitos colocados a tal efecto polo concello. As caixas deberán ser aplanadas para aproveitar axeitadamente a capacidade dos mesmos.



## **CONCELLO DE CABANAS (A CORUÑA)**

- Non se permite en ningún caso a invasión da beirarrúa por parte de vehículos, agás os expresamente autorizados.
- Non se permite en ningún caso a acampada, o emprego de camping-gas ou lumes, nin a vertedura de augas e líquidos.
- A seguridade dos postos nas horas nocturnas corresponderá ás persoas titulares dos mesmos.

### **CAPÍTULO IV. DOS MERCADOS OCASIONAIS.**

**Artigo 7.** O Concello poderá autorizar a venda ambulante en mercados ocasionais, incluíndo aqueles xurdidos da iniciativa privada ou con motivo de festas ou acontecementos populares.

Nesta autorización fixarase a duración, a situación, e o pagamento ou exención das taxas de pago por parte destas iniciativas.

### **CAPÍTULO V. DA VENDA AMBULANTE MEDIANTE CAMIÓNS OU VEHÍCULOS-TENDA**

**Artigo 8.** O Concello poderá autorizar a venda ambulante realizada desde camións ou vehículos-tenda. De acordo coa Ordenanza reguladora da taxa por instalación de postos, barracas e outros en terreos de uso público, esta autorización estará supeditada ao pago de 3 € por día de venda, de conformidade co establecido no artigo 6.1.c) da Ordenanza Reguladora da taxa por instalación de postos, barracas e outros en terreos de uso público.

### **CAPÍTULO VI. DA VENDA EN POSTOS SITUADOS NA VÍA PÚBLICA**

**Artigo 9.** O Concello poderá autorizar a venda ambulante realizada con ocupación da vía pública, en postos non fixos, de carácter illado, para un número de postos, situación e períodos determinados.

Na autorización correspondente fixarase a duración, a situación, e o pagamento ou exención das taxas de pago por parte de cada un destes postos.

Quedan excluídos da presente regulación os postos na vía pública de carácter fixo e estábel, que desenvolven a súa actividade de xeito habitual e permanente mediante a oportuna concesión administrativa, que se rexerá pola normativa propia.

### **CAPÍTULO VII. DA VENDA DIRECTA DE PRODUTOS AGRÍCOLAS POR PARTE DOS SEUS PRODUTORES**

**Artigo 10.** O Concello poderá autorizar aos agricultores á venda directa de produtos agrícolas que proveñan exclusivamente das súas explotacións, quedando prohibida a revenda de produtos que teñan unha orixe diferente á da propia explotación.

Na autorización correspondente fixarase a duración, a situación, e o pagamento ou exención das taxas de pago por parte de cada un destes postos.



## CONCELLO DE CABANAS (A CORUÑA)

### CAPÍTULO VIII. INCUMPRIMENTOS E SANCIONES

**Artigo 11.** Constitúen infraccións unicamente as condutas tipificadas como tales neste artigo:

1. O incumprimento das normas establecidas na presente ordenanza, así como as determinadas na normativa reguladora da defensa dos consumidores e usuarios e demais normativa de aplicación dará lugar á incoación do correspondente procedemento sancionador. As faltas clasificaranse en leves, graves e moi graves.

#### 2. Serán faltas leves:

- Reiterarse na produción de ruídos, berros ou música molestos despois de solicitarse o seu desistimento.
- A falta de ornato ou limpeza das instalacións e da súa zona circulante.

#### 3. Serán faltas graves:

- A reiteración por dúas veces en faltas leves en tres meses, ou de catro en doce meses.
- Non cumprir as normas de seguridade das instalacións e dos seus elementos.
- A venda de produtos distintos dos autorizados.
- A instalación de postos en lugar distinto do autorizado.
- A desobediencia a atender as normas de orde e indicacións da Policía ou Persoal Municipal.

#### 4. Serán faltas moi graves:

- A reiteración por dúas veces de faltas graves en tres meses ou de catro en doce meses.
- A venda de produtos en estado tal que poidan causar dano para a saúde.
- O incumprimento de cantas obrigas impoñan as disposicións aplicábeis por razón da actividade que exerzan, especialmente en materia de disciplina de mercado e comercialización.
- Incumprimento das disposicións sanitarias aplicábeis ás instalacións ou produtos que vendan.
- A instalación de postos sen autorización.
- A venda de produtos prohibidos.

5.- Aquelas infracción da presente ordenanza que sexan concordantes coas establecidas no Lei 3/2014, de 27 de marzo, pola que se modifica o Texto Refundido da Lei Xeral para a defensa dos consumidores e usuarios e outras leis complementarias, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 1/2007, de 16 de novembro, seranlles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no devandito texto legal, así como nas normas que o desenvolven.



## **CONCELLO DE CABANAS (A CORUÑA)**

**Artigo 12.** As sancións que se aplicarán serán as seguintes:

1. Por infracción leve: apercibimento ou multa de até 60,00 euros.
2. Por infracción grave: multa de entre 60,01 a 120,00 euros.
3. Por infracción moi grave: multa de 120,01 a 300,00 euros

Como sanción accesoria poderá acordarse a revogación da autorización para realizar a venda ambulante para o caso de infraccións graves e moi graves, así como a posibilidade de comisar a mercadoría nos casos de venda de produtos non autorizados e nos casos legalmente establecidos.

Correspóndelle á Alcaldía a imposición de multas e demais sancións, a través do correspondente procedemento sancionador, de conformidade co establecido na lexislación vixente.

**Artigo 13.** Para a determinación das infraccións e imposición de sancións previstas nesta Ordenanza, será de aplicación a regulación contida na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, así como Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

### **Disposición final.**

A presente Ordenanza entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación definitiva no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.